



Oficina
dos Dereitos

MAREA
ATLÁNTICA

CONTA BANCARIA DE PAGO BÁSICA

CONTA BANCARIA ACCESIBLE Á CIDADANÍA



dereitos@mareatlantica.org

604086724

www.mareatlantica.org

FEBREIRO 2022

A exclusión financeira é unha realidade que afecta cada vez a máis persoas. Segundo a OCU, arredor de 1.400.000 personas en España atópase en grave risco de exclusión financeira por non poder ter acceso ós servizos bancarios.

Dentro deste número tan alto podemos atopar ás persoas maiores, que sofren os peches de sucursais e a presión para realizar a través dos caixeiros e de internet os trámites que normalmente realizaban na caixa. Se a isto sumamos o desmantelamento bancario nas zonas rurais, cada vez é máis difícil acceder a este servizo básico para a vida diaria.

Outro colectivo que sofre a exclusión financeira son as persoas migrantes, especialmente se son solicitantes de asilo ou se están en situación administrativa irregular. Son moitas as condenas xudiciais contra a banca por este motivo, pero as entidades bancarias seguen denegando a apertura de contas a moitas persoas nesta situación.

Ser unha persoa en situación de vulnerabilidade social tamén supón moitos atrancos para acceder ós servizos bancarios, sobre todo polas condicións cada vez máis estrictas para poder ter unha conta bancaria sen custe ou con baixas comisións.

É por esta situación que iniciativas como as Contas de Pago Básicas son unha resposta que pode mitigar os efectos da exclusión financeira, máis non chega. Consideramos que o desmantelamento das caixas de aforros e a falta dunha banca pública deixa á cidadanía a merced dos intereses dos bancos. Tamén faise necesaria unha lexislación que protexa realmente ás persoas usuarias para evitar que a exclusión financeira siga medrando ata cotas insostibles.

Os servizos bancarios son de primeira necesidade, polo que as institucións públicas deben seguir afondando na creación de mecanismos que faciliten o acceso da cidadanía a estes servizos fundamentais.

Rodri Gil

Oficina dos Dereitos - Marea Atlántica

Que son?

As contas de pago básicas son un tipo de contas que responden á necesidade de promover a inclusión financeira na Unión Europea, **facilitando o acceso da cidadanía aos servizos bancarios básicos.**

Os bancos non só **se atopan obrigados a ofrecer este tipo de contas** sen condicionar a súa contratación á subscripción doutros servizos, senón tamén a dalas a coñecer e informar sobre as súas características.

Que servizos prestan as contas de pago básicas?

Permiten dar servizos como o depósito de fondos ou a retirada de diñeiro en efectivo. Así mesmo, con elas poderás domiciliar recibos e realizar pagos mediante tarxeta -de débito ou prepago- ou transferencia na Unión Europea.

Quen as pode solicitar?

Calquera residente legal na UE, incluso as persoas que non teñan domicilio fixo ou sexan solicitantes de asilo ou non dispoñan de permiso de residencia e non poidan ser expulsados por razóns xurídicas ou de feito, teñen dereito a ter unha conta bancaria.

Estas contas son gratuítas?

Só son gratuítas se te atopas en risco de vulnerabilidade ou exclusión financeira. De non atoparte nesta situación, por estas contas poden cobrar un **máximo de 3 euros mensuais (36 euros anuais)**, que cubrirían os servizos anteriormente indicados, cun límite de ata 120 trasferencias e adeudos domiciliados en euros dentro da Unión Europea.



Como sei se son persoa en risco de vulnerabilidade ou exclusión financeira?



Se non formas parte dunha unidade familiar, non podes ingresar máis de dúas veces o IPREM (en total, **non máis de 13.896,48 euros anuais en 2022**).



Se formas parte dunha unidade familiar de menos de catro membros, non podes ingresar máis de 2,5 veces o IPREM (en total, **non máis de 17.370,60 euros anuais en 2022**).



Se formas parte dunha unidade familiar de catro membros ou máis, ou ben dunha familia numerosa, ou ben dunha unidade familiar grande ou pequena da que algún membro teña un grao de discapacidade recoñecido do 33% ou máis, non podes ingresar máis de tres veces o IPREM (en total, **non máis de 20.844,72 euros anuais en 2022**).

Para ser considerada persoa en risco de vulnerabilidade ou exclusión financeira, ningún dos membros da unidade familiar pode ser propietario dun inmovible, salvo da vivenda habitual, nin tampouco dunha empresa ou sociedade mercantil.

Se es consumidor vulnerable, **deben manterche a conta gratuitamente durante dous anos**, prorrogables de dous en dous, sempre que demostres que segues nesa situación.



Cal é a documentación que acredita que unha persoa pertence ao colectivo en situación de especial vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira?

Para que se aplique a tarifa reducida da Conta de Pago Básica, todas as titulares que figuren nela deberán estar en situación de especial vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira e deberán achegar algúns dos seguintes documentos que acrediten:



Número de membros da unidade familiar: libro de familia ou inscrición como parella de feito.



Ingresos da unidade familiar

- Certificado de rendas
- Últimas tres nóminas.
- Certificado de prestacións ou subsidios por desemprego, no que figure a contía mensual percibida.
- Certificado de axudas sociais (salarios sociais, rendas mínimas de inserción...)
- En caso de traballador por conta propia, certificado de prestación por cesamento de actividade no que figure a contía mensual percibida.
- Titularidade de bens: Certificado do Imposto de Patrimonio.



Cando non dispoñas da documentación anterior, deberás achegar un informe no que se indique a composición da unidade familiar ou no que se explicita que es apta/o para ter unha Conta de Pago Básica gratuíta, segundo o caso. Este informe será emitido polos servizos sociais do Concello no que esteas empadroada/o.

Hai algún motivo polo que se me poida denegar a contratación deste tipo de contas?

Si, por tres causas:



Que xa sexas titular en España dunha conta corrente



Que a apertura da conta sexa contraria aos intereses da seguridade nacional ou de orde pública



Que non achegues a información que che solicite a entidade para cumprir coas súas obrigacións en materia de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo

Información que debes coñecer:

- Todos os bancos **están obrigados a ofrecerche a conta básica** xunto ás súas demais contas.
- Deben darche a opción de abrir unha conta básica mesmo **aínda que non teñas domicilio fixo.**
- Con esa conta debes poder, como mínimo, **domiciliar recibos, realizar transferencias e dispoñer dunha tarxeta de débito** para sacar diñeiro en caixeiros e realizar pagos en comercios dentro da Unión Europea.
- Débenche ofrecer a conta **tanto se es consumidor vulnerable coma se non.**
- Se te vas a vivir a outro país da Unión Europea onde abrir unha conta corrente pode ser máis complicado que en España, lembra que **calquera banco debe ofrecerche este produto igual que che ofrece os demais.**

Más información:

- Banco de España
- Real Decreto 164/2019, de 22 de marzo, por el que se establece un régimen gratuito de cuentas de pago básicas en beneficio de personas en situación de vulnerabilidad o con riesgo de exclusión financiera.



**Oficina
dos Direitos**



FEBREIRO 2022